París, 9 de diciembre de 1965

Siñor Antón Alonso Pérez
Segredario de Coordinación
do Consello de Galiza.
Bos Aires.-

Distinto irman:

Sin ningunha sua a que dar resposta paso a informarlles da reunión que se celebrou en Madrid, nos últimos dias do mes de novembre ou primeiros de diciembre. Tratase d´un "Coloquio Cataluña Castilla" o segundo que se celebra. A el asistiron os nosos paisanos García Sabell e Piñeiro. Tratouse alí da ampliación dos ditos Coloquios dando entradas neles a outros países, como Galiza. Vascongadas, Valencia, etc. Presentouse un proiecto de "Asociación" do que xunto unha copia e encargouse o Siñor García Sabell de facer as gestions necesarias no noso país, cerca dos intelectuais, pra organizar o correspondente "Centro Regional" de que se fala no proiecto. O amigo que me dou estos informes é o Siñor Victor Hurtado, catalán, que que teño boas relacios. Asistiu o Coloquio como observador e díxome que o proisimo celebrarase en Santigao de Compostela. Falou cos siñores Piñeiro e García Sabell da convenenza de poñerse en relación conmigo. Prometeu García Sabell facelo así e mandarme copia de todo o que fagan en Galiza. Non creio cumplan a sua promesa, pois o siñor Hurtado insistiu moito en que debia ser eu o que lles escribira a eles pra traballar xuntos e de acordo. Lle fixen ver a Hurtado que o deber dos nosos paisanos era escribirlles a vostedes e traballar pra ese Consello como vimos facendo outros galegos e que pola miña parte nada faría sin autorización de vostedes.

Hurtado e os seus amigos Ridruejo, Tierno Galván Aranguren, etc/ que tamen asistiron os Coloquios fixeron ver a García Sabbel a convenenza de que no Centro estivesen representadas toda-las tendencias. Il prometeu traballar neste sentido.

A miña opinión e que vostedes deberían comunicar todo esto os seus amigos do interior pra telos prevenidos, e ainda aconsellalos no sentido de que aceiten formar parte do dito Centro pra desde dentro, controlalo mellor. Poida que sea esta unha maniobra pra ampliar a Asociación Española de Cooperación Europea e volver logo a presentala o Movimiento Europeo con mais forza. Xa lles irei informando do que vaia occurrindo.

Pregolles non den o meu nome cando informen d´esto. Poidera chegar a oidos do siñor Hurtado enese caso. deixaría de darme informacios. Repitolles que insistiu moito en que eu escribira a García Sabell para chegar a un acordo.

Non recibin contestación os meus derradeiros informes. Nas conversacios entre elementos dos Sindicatos Verticales e as forzas obreras da oposición a que fan referencia os recortes de prensa que lles mandéi, non participaron os nosos paisanos do Partido Socialista Gallego/ Si forman parte da Alianza Sindical Obrera que. polo seu lado, trata de maneira mais ou m... ...ecta con Solís e os seus.

Penso falar un destos días pro... ...pis quen darame información sobor do Parti...

Sin mais por hoxe, reciba o saudo cordial de

F. Xavier Alvajar

P.D. Nos esquezan o envío do importe dos meus gastos de viaxe a Cannes. Vivo d´un modesto sueldo e non podo facer moitos escesos. Moitas gracias.